

RÚBRICA PARA AVALIAR O TEXTO PERIODÍSTICO

ASPECTOS	4 EXCELENTE	3 SATISFACTORIO	2 BEN	1 INSUFICIENTE
Uso da lingua	Uso axeitado, creativo e natural da lingua. Vocabulario preciso, extenso e con detalle. Dominio e boa entoación.	Uso correcto da lingua con poucos erros. Vocabulario adecuado ao contexto. Boa pronuncia e entoación.	Uso da lingua con bastantes erros, pero a mensaxe xeral é comprensible. Vocabulario básico e pronuncia aceptable.	Erros gramaticais e de vocabulario moi frecuentes que dificultan gravemente a comprensión. Mala entoación.
Contido e estrutura	Estrutura impecable: titular atractivo e informativo, entrada concisa e completa, corpo ben desenvolvido seguindo a pirámide invertida.	Estrutura clara e ben definida: titular axeitado, entrada que resume o esencial e corpo organizado.	Estrutura básica presente (titular, intento de entrada, corpo) pero con fallos na organización ou claridade.	Ausencia clara de titular, entrada ou corpo. Estrutura caótica e difícil de seguir.
Contido e claridade informativa	Información precisa, completa, moi relevante e ben documentada. Responde excelentemente os 5W. Demostra boa comprensión do suceso.	Información clara, relevante e bastante detallada. Responde adecuadamente os 5W (quen, que, cando, onde, por que).	Información básica comprensible pero pouco detallada ou con algunha imprecisión. Responde de forma limitada os 5W.	Información confusa, incompleta, irrelevante ou con datos incorrectos (se é sobre un feito real). Non responde os 5W.

Orixinalidade e elección de tema	Tema moi orixinal e relevante, ou unha adaptación moi creativa e axeitada dun feito. Demostra creatividade na elección/desenvolvemento.	Tema interesante e ben escollido, tratado de forma adecuada como noticia, con algún toque de orixinalidade.	Tema sinxelo, pouco orixinal pero aceptable e minimamente tratado como noticia.	Tema irrelevante, copiado sen esforzo ou pouco axeitado para o formato de noticia.
Presentación e formato	Presentación impecable, atractiva visualmente. Excelente simulación do formato xornalístico, con atención ao detalle.	Presentación coidada, clara e ordenada. Intento visible e correcto de simular o formato de prensa (columnas, etc.).	Presentación básica, lexible, pero sen elementos que simulen un xornal ou con pouca atención ao detalle.	Texto desorganizado, ilexible, sen coidar a presentación. Non simula un formato de prensa.



“Rúbrica para avaliar o texto periodístico”, do proxecto *cREAgal*, publícase coa [Licenza Creative Commons Recoñecemento Non-comercial Compartir igual 4.0](https://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/4.0/)